

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 23/09/2020
(Extracto en <http://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

ARGIMIRO SERÉN MERA

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

LINO MOURIÑO SANTIAGO

SECRETARIO/A

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

INTERVENTORA

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:45 horas do día 23/09/2020 reuníronse no Salón de plenos, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 14 de setembro de 2020, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2020/3300

Dáse conta de escrito presentado por D. José Antonio Alonso Pérez solicitando a instalación de espellos na saída dos vados en Agustín Romero nº101, para facilitar a incorporación e circulación de vehículos que saen dos garaxes das citadas edificacións.

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que a instalación de espellos efectivamente melloraría as condicións de visibilidade, se ben sería de uso exclusivo para os usuarios de ambos garaxes.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle a colocación do espello solicitado, se ben dado que o uso do mesmo será exclusivo para os usuarios do citado inmovible deberá colocalo pola súa conta, debendo poñerse en contacto coa Policía Local para a súa correcta instalación.

PRP2020/3301

Dáse conta do escrito presentado por Sergio Amoedo Ferreiro e/n Centro Cultural Sixto solicitando permiso para celebrar concertos ao aire libre na sede social os sábados dende o 12 de setembro ao 17 de outubro de 2020. A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado debido á situación actual existente no ámbito sanitario, ocasionada pola incidencia do COVID-19 na poboación.

PRP2020/3302

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús López Rodríguez e/n Vilagarcía en Común solicitando adopción de medidas para apertura dos plenos á participación da veciñanza. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que en canto á suxerencia para trasladar os plenos a outro local máis amplo, dito traslado non é posible xa que noutros locais non están instalados os medios telemáticos (videoactas) utilizados nas sesións plenarias.

Indicar que nos próximos días vanse colocar no mesado que se utiliza polos Concelleiros manparas de separación entre eles. En canto estén instaladas, e os Concelleiros ocupen os seus lugares de costume, será posible a asistencia de público, nun número reducido.

A asistencia será controlando o aforo, distancia e todas as medidas de seguridade, e podendo

facilitar o público asistente de maneira voluntaria un número de teléfono de contacto, para poder contactar con estas persoas en caso de ser necesario por motivos sanitarios relacionados co COVID-19.

PRP2020/3304

Dáse conta do escrito da Consellería de Sanidade solicitando colaboración municipal para promocionar a campaña de vacinación antigripal deste ano, posibilitando a colocación de pancartas publicitarias en mupis, autobuses urbanos, así como en calquera outro medio oportuno. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicar que a persoa de contacto para coordinar esta actuación é o empregado municipal é D. Manuel Villaronga García con teléfono 986099200 ext. 221 correo electrónico prensa@vilagarcia.gal.

PRP2020/3306

Dáse conta do escrito presentado por María de la O Fernández González e/n Marea da Vila solicitando información relacionada coa limpeza e desinfección nos Centros Educativos do Concello e convocatoria do Consello Escolar, a Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

Remitir o informe da Deputación Provincial no que se manifesta que o custe extra de desifección nos CEIPS por mor da COVID-19 non é obriga dos Concellos.

Comunicar que o Concello remiteu á Consellería de Educación o acordo da Xunta de Goberno Local adxudicando e reclamando o custe da desifección extra, dos Centros Educativos do Concello.

Asimismo acordase indicar que se levará a cabo unha reunión cos Directores e Responsables dos Centros Educativos.

PRP2020/3362

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina SL para subministro dunha cadeira para o Servizo de Rexistro de Entrada/Saída, por un importe total de 314,60€(IVE incluído), con cargo á partida 920-215.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

RECURSOS HUMANOS

PRP2020/3308

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o Convenio de Colaboracion educativa entre a Universidade de Santiago de Compostela e o Concello de Vilagarcía para a realización de prácticas académicas externas ou extracurriculares do alumnado.

PRP2020/3346

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos/as Sres./as Concelleiros/as, membros da Corporación Municipal, polos importes que a seguir se din, correspondentes a asistencias ás sesións do Pleno, Xuntas de Goberno e Comisións Informativas, do 1 ao 31 de agosto de 2020, por un importe total de 5.260,00€ e con cargo á partida 912.233:

CARGO ELECTO	Nº sesións		Nº sesións		TOTAL EUROS
	Plenos XGL	DIETAS PLENOS e XsGL	Comisions informativas	DIETAS INFORMATIVAS COMISIONS	
D. ARGIMIRO SERÉN MERA	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00

D. DIEGO GARCIA SANTIAGO	6	x 130,00 €	---	x 110,00 €	780,00
D. JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00
Dª MATILDE LAYA LORENZO	6	x 130,00 €	1	x 110,00 €	890,00
Dª ANA Mª GRANJA GUILLAN	1	x 130,00 €	---	x 110,00 €	130,00
Dª YOLANDA BOVEDA DIAZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. ROBERTO DOMINGUEZ BUSTELO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. MANUEL MÉNDEZ VARELA	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª LUCÍA CÉSAR BELOSO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. JESUS LOPEZ RODRIGUEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
Dª Mª DE LA O FERNANDEZ GONZALEZ	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
D. DAVID HIGINIO OLIVEIRA BARREIRO	1	x 130,00 €	1	x 110,00 €	240,00
T O T A L					5.260,00

PRP2020/3347

Acórdase o recoñecemento de obrigación a favor dos seguintes Grupos Municipais, polo importe total de 7.500,00 €, correspondente á asignación económica a Grupos Municipais do 1 ao 31 de agosto de 2020, de conformidade co establecido polo Pleno da Corporación Municipal de data 27 de xuño de 2019, con cargo á partida 912.489, coa seguinte desagregación:

	Número concelleiros	Comp. Fixo €	Compoñente variable €	Total Mes agosto
GRUPO MUNICIPAL				
PSdeG-PSOE	12	300,00	300,00 x 12 = 3.600,00 €	3.900,00 €
G36573277				
PARTIDO POPULAR				
G36573152	5	300,00	300,00 x 5 = 1.500,00 €	1.800,00 €
BNG				
V36594372	1	300,00	300,00 x 1 = 300,00 €	600,00 €
VILAGARCIA EN COMUN				
V94192663	1	300,00	300,00 x 1 = 300,00 €	600,00 €
MAREA DA VILA				
	1	300,00	300,00 x 1 = 300,00 €	600,00 €

TOTAL 7.500,00 €

BENESTAR SOCIAL

BENESTAR SOCIAL

PRP2020/3344

Vista a proposta da Concelleira de Servizos Sociais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Teleservicio Instalaciones de Oficina S.L. para o subministro de dúas cadeiras una para o posto 1 e outra para o posto 3 da Unidade Administrativa do departamento de Servizos Sociais, por un importe total de 629,20€ (IVE incluído), con cargo á partida 231-215. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

EMPREGO

PRP2020/3296

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases reguladoras da Convocatoria do Concello de Vilagarcía de Arousa de Subvencións a Empresas para a contratación de traballadores/as desempregados/as por conta allea, por importe total de subvencións de 50.000,00€ con cargo á partida 241.470, podendo ser beneficiarias das subvencións as persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, que formalicen, para prestar servizos nas mesmas, contratos por conta allea con traballadores/as empadroados/as no Municipio de Vilagarcía de Arousa. Acórdase así mesmo dispoñer a súa publicación no B.O.P.

PRP2020/3348

Dáse conta de resolución complementaria de concesión de subvencións do Servizo de Orientación e Promoción Laboral, pola que se incrementa a subvención concedida para o proxecto de obradoiro de emprego O.E. FORME 19 CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, por importe de 28.177,6€ para facer fronte ao incremento de gasto producido pola ampliación do tempo necesario para rematar o proxecto FORME 19.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/2106

Revisado o expediente de referencia de solicitude de axuda dentro do Programa de Axudas Municipais de apoio á Reactivación da Actividade Económica, solicitada por ADELAI DA LEMA MARTINEZ (BAR CANTABRIA) infórmase que, segundo solicitude formulada e declaración responsable asinada pola mesma, a solicitante cumpre os requisitos establecidos nas bases da convocatoria para obter a condición de beneficiaria do Programa de Axudas aprobadas como consecuencia da emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19, e, por tanto, acórdase a concesión da axuda solicitada por contía de CINCOCENTOS EUROS (500,00 €).

A resolución aprobatoria da concesión de axuda, terá carácter provisional. Porén, unha vez presentada en forma e prazo a xustificación das perdas económicas sufridas durante a permanencia do estado de alarma, mediante a aportación da documentación establecida na Base Décima, apartado 2 das bases reguladoras, a presente resolución terá carácter definitivo. A tal efecto, a partir da data de aboamento da axuda e dentro do prazo establecido na Base

Décima da convocatoria o/a beneficiaria deberá aportar a devandita documentación xustificativa.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2020/3349

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Pública Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Espacio do Lector SL para o subministro de materiais bibliográficos e audiovisuais con destino á Rede Municipal de Bibliotecas, por un importe total de 1.762,93€ (IVE incluído), con cargo á subvención concedida pola Consellería de Cultura para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas e axencias de lectura municipais (partida 3321.22001).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

SANIDADE

PRP2020/3257

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Cemiterios, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por A&B Laboratorios de Biotecnología para o subministro de material para os cemiterios de Vilagarcía e Carril, por un importe total de 386,78€ (IVE incluído), con cargo á partida 164-22110.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal

POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

MULLER E PERSOAS MAIORES

PRP2020/3192

Dáse conta do seguinte informe da Concellería de Igualdade:

Nas Xunta de Goberno de data 20/01/2020 (PRP2020/129) e de 24/02/2020 (PRP2020/0762) aprobouse a celebración dos obradoiros "ACTIVATE" de actividades cognitivas para maiores. Entre as bases que se aprobaron incluíase que os destinatarios serían persoas maiores de 60 anos, que a forma de impartición realizaríase nun seminario do Auditorio Municipal e o modo de impartición sería presencial en grupos de 20 persoas. Asemesmo aprobouse que se desenvolvería en dúas quendas: unha entre febreiro e xuño, e outra entre setembro e decembro de 2020.

A situación sanitaria na que nos encontramos derivada da COVID 19, exige adecuar os servizos que se presten ao obxectivo de evitar a propagación do virus, especialmente de cara á esperable maior incidencia nos meses vindeiros entre o colectivo ao que vai destinada esta actividade, considerado de alto risco.

Dada a grande demanda desta actividade, e que entre os obxectivos desta Área figura a mellora do envellecemento activo da poboación, sabendo que este colectivo é o que máis está a sufrir o aillamento nesta pandemia, dende esta Área propónse manter esta actividade pero modificando o sistema de impartición, pasando da forma presencial á formación "on line",

A formación "on line" realizaríase organizándose o alumnado en grupos para conectar en quendas, a través de servizos de mensaxería instantánea (whatsapp ou skype) mediante videochamadas ou grupos de chats, ou ben chamadas telefónicas personalizadas, segundo as capacidades dixitais de cada alumna/o.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora, e acorda a aprobación dos cambios citados.

PRP2020/3320

Vista a proposta da Área de Igualdade, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Dona M^a Nieves Ozores Núñez, para a campaña de sensibilización e información sobre O Valor dos Coidados, por un importe total de 6.189,65€ (IVE incluído), con cargo á partida 2312.22615.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

CULTURA

PRP2020/3350

Dáse conta do contrato de patrocinio asinado entre o Concello de Vilagarcía de Arousa e a Empresa **Gadisa Retail S.L.U.** para colaboración das Festas de San Roque 2020, aportando a empresa a cantidade de 2.843,50€.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/3351

Vista a solicitude de D. Francisco Jesús Fernández Rodríguez, en representación de Cáritas Interparroquial de Arousa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario do Auditorio Municipal, os días 7,21 de setembro, 5, 19 de outubro, 16, 30 de novembro, 14, 28 de decembro de 2020, de 10:00 a 12:00 horas para a celebración do programa ARUMI con poboación xitana, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 30 persoas).

Deberá asimismo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3352

Vista a solicitude de D. Augusto Guedes de Castro, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, os martes dende o 29 de setembro de 2020 a 22 de xuño de 2021 de 19:30 a 20:30 hrs., para a celebración da actividade "Martes Arte", debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de

Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 90 persoas).Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3353

Vista a solicitude de D. Fco. Javier Marqués Solla, en representación de Cine Club Ádega, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón García, os días 16, 23 de setembro, 7, 14 de outubro, 11, 25 de novembro, 9, 16 de decembro, de 21:00 a 23:30 hrs, para realizar proxeccións, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 160 persoas).

Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3354

Vista a solicitude de D. José Luis Sanz Acosta, en representación de Asociación Cultural Musical Sociedad Filarmónica de Vilagarcía, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos do Auditorio Municipal, os días 11, 12 de setembro, 8 de outubro, 21 de novembro, 03 de decembro, todo o día, para a celebración unha asemblea xeral de socios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (neste caso 258 butacas).

Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3355

Vista a solicitude de Dona María José Vales Martínez, en representación de Asoc. Galp Ría de Arousa, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio Municipal, o día 22 de setembro de 2020, de 18:00 a 21:00 horas, para a celebración dunha xornada sobre dereito laboral e réxime do mar, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 90 persoas).

Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3356

Vista a solicitude de D. Xoán Xosé Bouzas Aboi, en representación de Confederación Intersindical Galega (CIG), e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Sala de Conferencias do Auditorio, os días 19 de outubro, 2 de novembro e 1 de decembro, de 9:30 a 14:30 horas, para a celebración dunhas xornadas formativas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG Nº126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 90 persoas).

Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

PRP2020/3357

Vista a solicitude de D. Germán Manuel Torres de Aboal, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón de Actos da Sala de Conferencias, o día 26 de setembro, 17 de outubro, 21 de novembro e 19 de decembro, de 18:00 a 21:45 horas, para a celebración do acto A mesa das Verbas, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 28-12-2017) e que figura publicada na sede.vilagarcia.gal.

Deberá aportar póliza de responsabilidade civil e sinistros, así como copia compulsada do último recibo aboado, con 72 horas de antelación ao día solicitado.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE), así como os permisos necesarios segundo a Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, que puidese corresponder por esta actividade.

Será responsabilidade do solicitante que se cumpran as medidas indicadas na Resolución do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se da publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, pola que se introducen determinadas modificacións nas medidas de prevención (DOG nº115 de 13 de xuño de 2020) necesarias para

facen fronte á crise sanitaria ocasionada por COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición hacia unha nova normalidade(PUBLICADAS NO DOG N°126 DE 27 DE XUÑO DE 2020).

Así mesmo comunícaselle que será responsabilidade do solicitante o control de aforo do salón autorizado (limitado aforo por COVID-19 a 90 persoas).

Deberá asimesmo aplicarse a Orde da Consellería de Sanidade do 23 de setembro de 2020 pola que se establecen determinadas medidas de prevención como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 no Concello de Vilagarcía de Arousa.

CONTRATACIÓN

PRP2020/3358

Dáse conta da acta de recepción da obra substitución da instalación e climatización e mellora da eficiencia enerxética da piscina municipal de Vilagarcía de Arousa. A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2020/3220

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar o contrato menor de servizos denominado "Estudio de Tráfico para a implantación dunha glorieta nos fluxos das rúas Vista Alegre, Fontecarmoa e Avda de Cambados (PO-459):

Por mor das obras de urbanización na Rúa Camilo José Cela vaise producir un cambio no tráfico rodado desta zona na parroquia de Vilaxoán.

Para poder solventar da mellor maneira posible estes cambios é preciso realizar un estudo de tráfico que permita coñecer os fluxos e as horas punta e valle de tráfico.

Unha das alternativas previstas é a creación dunha rotonda na confluencia das rúas Vista Alegre, Fontecarmoa e Avda de cambados. Para coñecer as consecuencias no tráfico desta actuación é preciso realizar un estudo pormenorizado de tratamento dos datos de tráfico coa creación e validación dun modelo de microsimulación da situación actual e un estudo de alternativa futura. Todo isto permitirá ter uns datos reais das consecuencias da implantación da citada rotonda.

Para poder realizar este tipo de estudos, solicitouse orzamento á empresa ICEACSA CONSULTORES, SLU especializada neste tipo de traballos.

Licitador	Oferta económica (sen IVE)	Oferta económica (con IVE)
ICEACSA CONSULTORES, SLU (CIF: B15080849)	13.800,00 €	16.698,00 €

O prazo de execución será de 6 semanas.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato menor de servizos de "ESTUDIO DE TRÁFICO PARA A IMPLANTACIÓN DUNHA GLORIETA NOS FLUXOS DAS RÚAS VISTA ALEGRE, FONTECARMOA E AVDA. DE CAMBADOS (PO-459)", á empresa ICEACSA CONSULTORES, SLU (CIF: B15080849).

PRP2020/3345

Dáse conta da proposta, da Concellería de Urbanismo para a aprobación da Memoria Valorada denominada "Obras menores de mantemento e conservación do Edificio Histórico do Concello".

No Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 163 do 25 de agosto de 2020 publicáronse as Bases de Subvencións para a rehabilitación e a sinalización do Patrimonio Histórico-Cultural dirixidas aos Concellos da Provincia de Pontevedra para o ano 2020.

O edificio da Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa precisa dunha serie de actuación fundamentalmente en:

- Pavimentos, co obxecto de reparar o piso de madeira existente eliminando a capa superficial e o verniz deteriorado e aplicación dun novo verniz.
- Paramentos, onde se debe realizar un revestimento de paramentos verticais e horizontais interiores, incluso zócalos e rodapés, con pintura plástica
- Carpintería, reparación de portas de madeira

- Radioadores, coa desmontaxe de radiadores de fundición para o seu adecentamento

Polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, redactouse “MEMORIA VALORADA PARA OBRAS MENORES DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO HISTÓRICO DO CONCELLO”, cun orzamento 38.409,53 € (IVE engadido).

O edificio está catalogado, consonte a ficha 137PHA, cun grao de protección ELEMENTAL que permite realizar obras de acondicionamento e reestructuración interiores pero non exteriores. En todo caso a intención do concello e manter a súa imaxe tanto exterior coma interior respectando o deseño orixinal.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar a memoria valorada para obras menores de mantemento e conservación do edificio histórico do Concello, redactado polo arquitecto municipal don Xoán Xosé Rodríguez Cuiña, por importe de 38.409,53 € (IVE engadido).
2. Solicitar subvención para o financiamento da actuación á Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo ao ás bases de subvencións para a rehabilitación e a sinalización do patrimonio Histórico-Cultural dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra (BOP do 25 de agosto de 2020).

PRP2020/3363

Dáse conta da proposta da Concelleira de Urbanismo para adxudicar o contrato menor de servizos denominado "Redacción de modificación puntual do PXOM para ampliación da EDAR de Vilagarcía de Arousa":

O Concello de Vilagarcía de Arousa conta cunha Estación Depuradora de Augas Residuais que precisa dunha ampliación, dadas as ampliacións da rede de saneamento e o aumento do poboación o que ten provocado un aumento considerable do caudal que ten que tratar diariamente a instalación.

Para realizar a devandita ampliación a Xunta de Galicia esixe a posta a disposición dos terreos necesarios para realizar as obras. A parcela máis idónea conta cunha calificación urbanística, no vixente PXOM municipal, cuxo uso nos permitiría autorizar as obras.

Para poder acometer o cambio de uso da citada parcela é preciso realizar unha modificación puntual do PXOM, polo que se procedeu a solicitar orzamento a unha empresa especializada neste tipo de tramitacións urbanísticas e que presentou o seguinte:

Licitador	Concepto	Importe IVE excluído
Alfonso Botana, S.L.	Redacción de modificación puntual do PXOM de Vilagarcía de Arousa	4.500,00€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Adxudicar o contrato menor de servizos de “REDACCIÓN DE MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA AMPLIACIÓN DA EDAR DE VILAGARCÍA DE AROUSA”, a Alfonso Botana S.L. (B70531595) por importe (IVE excluído) de 4.500,00 €, ao que lle corresponde un IVE 21% de 945,00 € o que totaliza un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 5.445,00 €.

PRP2020/3364

Visto o expediente de contratación do contrato privado para a CONCERTACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LARGO PRAZO POR IMPORTE DE 1.700.000,00€, mediante procedemento aberto simplificado previsto no art. 159.6 da Lei de Contratos do Sector Público e tramitación ordinaria.

O prego de cláusulas administrativas correspondente foi elaborado de conformidade co establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello

214/23/UE e 214/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, axustándose ao disposto no art. 122, sendo emitidos informes pola Secretaría Xeral, en data 11 de maio de 2020 e pola Interventora Municipal o 12 de maio de 2020.

Dáse conta dos licitadores presentados

CIF: A70302039 ABANCA

CIF: A08000143 BANCO DE SABADELL S.A.

CIF: A48265169 BBVA

CIF: F45003993 EUROCAJA RURAL SOCIEDAD COOPERATIVA DE CREDITO

CIF: A86201993 LIBERBANK SA

Unha vez examinada a documentación presentada, o órgano de asistencia acorda admitir a todos os licitadores, por ser aquela correcta.

Unha vez aplicados os criterios de valoración previstos no PCAP, o resultado e o seguinte:

LICITADOR	PUNTOS
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.	50,00
BANCO SABADELL, S.A.	52,38
BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA, S.A.	62,86
EUROCAJA RURAL SOCIEDAD COOPERATIVA E CRÉDITO	56,41
LIBERBANK, S.A	100,00

De acordo á avaliación das propostas aportadas polos licitadores, a mesa conclue a seguinte lista ordenada de maneira decrecente de puntuación de acordo ás puntuacións obtidas polos licitadores:

Orden: 1 CIF: A86201993 LIBERBANK SA Propuesto para la adjudicación

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 100.0

Total puntuación: 100.0

Orden: 2 CIF: A48265169 BBVA

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 62.86

Total puntuación: 62.86

Orden: 3 CIF: F45003993 EUROCAJA RURAL SOCIEDAD COOPERATIVA DE CREDITO

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 56.41

Total puntuación: 56.41

Orden: 4 CIF: A08000143 BANCO DE SABADELL, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 52.38

Total puntuación: 52.38

Orden: 5 CIF: A70302039 ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.

Total criterios CJV:

Total criterios CAF: 50.0

Total puntuación: 50.0

A la vista de lo que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda

A adxudicación do contrato PRIVADO PARA A CONCERTACION DUNHA OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LARGO PLAZO POR IMPORTE DE 1.700.000,00 €" (CT 42/2020-e), á empresa con maior puntuación de acordo ca orde na que quedaron clasificadas as ofertas: CIF: A86201993 LIBERBANK SA, de conformidade coa súa propia oferta, por ser a oferta mellor valorada en aplicación dos criterios de valoración e adxudicación que rexen a licitación.

LICITADOR	INTERÉS VARIABLE
Margen sobre o EURIBOR a 3 meses puntos básicos	Tipo de interés de demora (máximo 2% superior al tipo de interés de la operación)
LIBERBANK, S.A	+ 25 puntos básicos + 2.00%

FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS

PRP2020/3227

Visto o expediente INT/2020/358 remitido polo Departamento de RRHH á Intervención municipal

para a súa fiscalización, comprensivo dos partes de servizos extraordinarios presentados polo persoal municipal durante o período xaneiro-xuño 2020.

Visto o Informe de fiscalización da Intervención Municipalsobre os devanditos servizos extraordinarios.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. O Recoñecemento da Obriga polo concepto “SERVIZOS EXTRAORDINARIOS REALIZADOS POLO PERSOAL MUNICIPAL XANEIRO-XUÑO 2020 E ATRASOS”, nas aplicación e polos importes que a seguir se indican, (O/2020/170):

CAPITULO	APLICACIÓN		NOVEMBRO 19	DECEMBRO 19	XANEIRO	FEBREIRO	MARZO	ABRIL	MAIO	XUÑO	TOTAL/€
1	132	151			4061,68	3.323,09	1.760,20	1.174,78	1.571,87	522,42	12.414,04
1	135	151		250,56	90,52						341,08
1	164	151				159,74			74,55		234,29
1	165	151		619,54	638,23	722,33	128,62		328,63	31,95	2.469,30
1	171	151			106,5						106,50
Total 1			0,00	870,10	4896,93	4.205,16	1.888,82	1.174,78	1.975,05	554,37	15.565,21
2	231	151			148,9	104,23				29,78	282,91
Total 2			0,00	0,00	148,90	104,23	0,00	0,00	0,00	29,78	282,91
3	334	151	354,60	1003,14	1629,78	1.330,10	197,02		231,63		4.746,27
3	341	410			15,97	55,90					71,87
Total 3			354,60	1.003,14	1645,75	1.386,00	197,02	0,00	231,63	0,00	4.818,14
4	453	151			266,25	223,65	367,41			95,85	953,16
4	4312	151			400,71	254,82		130,46		163,59	949,58
Total 4			0,00	0,00	666,96	478,47	367,41	130,46	0,00	259,44	1.902,74
9	912	151			159,79	132,66			117,58		410,03
9	920	151		66	82,53	146,79				148,06	443,38
9	926	151			472,99						472,99
9	931	151			359,75	138,63				24,46	522,84
9	9201	151		23,64	171,61	425,19					620,44
Total 9			0	89,64	1246,67	843,27	0,00	0,00	117,58	172,52	2.469,68
TOTAL FUNCIONARIOS			354,6	1962,88	8605,21	7.017,13	2.453,25	1.305,24	2.324,26	1.016,11	25.038,68€
1	132	13001							506,52	381,39	887,91
1	135	13001	375,84	1.453,68	1.488,46						3.317,98
1	171	13001			266,25						266,25
Total 1			375,84	1.453,68	1.754,71	0,00	0,00	0,00	506,52	381,39	4.472,14
2	231	13001				97,86				309,89	407,75
Total 2			0,00	0,00	0,00	97,86	0,00	0,00	0,00	309,89	407,75
3	334	13001		195,75	18,63	117,15					331,53
Total 3			0,00	195,75	18,63	117,15	0,00	0,00	0,00	0,00	331,53
4	453	13001				31,95					31,95
Total 4			0,00	0,00	0,00	31,95	0,00	0,00	0,00	0,00	31,95
9	920	13001			97,86	85,20	0,00	0,00		228,34	411,40
9	926	13001		88,65	636,84						725,49
Total 9			0,00	88,65	734,70	85,20	0,00	0,00	0,00	228,34	1.136,89
Total LABORAIS			375,84	1.738,08	2.508,04	332,16	0,00	0,00	506,52	919,62	6.380,26€

2. Non aprobar os servizos dos traballadores e meses que a seguir se indica, salvo que polos interesados e pola Concelleira de Persoal que asina ditos partes se acredite suficiente e motivadamente a súa realización, ben mediante cuadrantes de quendas dos seus departamentos para o período indicado que acrediten os días de asistencia presencial, así como informe da Concelleira que acredite se ditos servizos contaban con teletraballo para o período indicado:

CODIGO TRABALLADOR	SERVIZO	MES	GRUPO	HORAS ORDINARIAS	HORAS FEST/N OCT	HORAS FEST+N OCT	TOTAL HORAS	HORAS INCREMENTADAS	COSTE HORA	TOTAL
1003	PERSOAL	MARZO	C	16			16	16	13,46	215,36
1003	PERSOAL	ABRIL	C	16			16	16	13,46	215,36
1003	PERSOAL	MAIO	C	16			16	16	13,46	215,36
1003	PERSOAL	XUÑO	C	16			16	16	13,46	215,36
4503	CULTURA	ABRIL	D	21,5			21,5	21,5	12,06	259,29
4503	CULTURA	MAIO	D		14		14	21	12,06	253,26
3123	PERSOAL	MARZO	A	12			12	12	16,31	195,72
3123	PERSOAL	ABRIL	A	14			14	14	16,31	228,34
3123	PERSOAL	MAIO	A	10			10	10	16,31	163,1

PRP2020/3327

Visto o expediente INT/2020/390 composto por:

- Solicitudes de abono de gastos de locomoción de diversos traballadores municipais.
- Solicitudes de abono de gastos de formación da Concelleira de Urbanismo.

Vista a fiscalización favorable da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1. Recoñecemento de Obriga polos conceptos, importes, aplicacións e para os terceiros/as que de seguido se relacionan:

Nombre Ter.	Texto Libre	Importe	Aplicación
FRANCO LEIS, MANUEL	GASTOS LOCOMOCIÓN A PONTEVEDRA POR ASISTENCIA LETRADA, NOS MESES DE XANEIRO/FEBREIRO E XULLO.	191,26	2020 920 23120
MEDA CAJARAVILLE, JESÚS	GASTOS DESPRAZAMENTOS PARA VISITAS POR INFORME DE EXPEDIENTES, ANO 2020.	37,32	2020 150 23120
MARÍA MOCHALES, PAOLA	GASTOS DESPRAZAMENTOS POR ASISTENCIA AO CURSO "MOVILIDAD AMABLE: ESPACIO PÚBLICO Y CONVIVENCIA DE MODOS DE TRANSPORTE" REALIZADO NA CORUÑA.	300,00	2020 912 16200

E sen máis asuntos que tratar, ás 13:57 horas levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.